

---

## O elemento árabe en galego (I)

---

Xavier Frías Conde  
Universidade Complutense de Madrid

### I. Introducción

#### Limiar

1. Unha das cuestións pendentes que ten a lingüística galega é a atención á influencia do árabe no galego. A tradición dos estudos arabo-románicos aplicados a outras linguas irmás ten unha longa traxectoria, con repertorios bibliográficos inmensos, mais no tocante ao galego son ben poucos os estudos dedicados a esta realidade. É coñecida de todos tal tradición en linguas coma o castelán ou o portugués, e está abondo desenvolvida tamén en catalán.

Tradicionalmente pensouse que a presenza dos árabes no territorio lingüístico galego foi algo inexistente ou ao menos efémera, tanto que non deron deixado pegada ningunha. Certamente os musulmáns conquistadores pasaron pouco tempo en Galiza, mais os arabismos no léxico e na toponimia son moi superiores ao que xeralmente se cre (e este é, en definitiva, o obxecto do noso traballo). Doutra banda, hai quen considera que os estudos aplicados ao portugués son válidos para xustificar os aparentemente escasos arabismos do galego. Até certo punto iso é verdadeiro, mais desde o portugués actual non se pode explicar a maioría dos casos, dado que os arabismos galegos, fronte a moitos dos portugueses, teñen como caracteres de seu:

1. Que son exclusivos do galego
2. Quen son máis antigos
3. Que presentan formas diferentes ás portuguesas

Exemplos de arabismos con formas diferente en galego e portugués son: *acea / azenha*, *azucré / açúcar*, *xabaryl / javali*, *albaroque / alboroque*, etc. O arabista portugués Cunha reparou en que os arabismos galegos adoitaban presentar formas máis arcaicas que os portugueses (1967: 131). En galego adoitábase encontrar /a/ e /ay/ mentres que en portugués o normal era /e/ e /ey/!; a explicación que o autor portugués lle daba era que o galego era o codialecto máis *conservador* (sic). Evidentemente non se pode acreditar en tal cuestión, e hai que acudir a outra expli-

---

<sup>1</sup> Nos arabismos ibero-románicos máis antigos non se percibe a imala, mais si nos posteriores. A imala é un fenómeno propio do árabe occidental polo cal /a/ > /e/ > /i/. En ibero-románico resulta moi esclarecedor ver os resultados diversos de *assânya*, que ten a forma castelá máis antiga *azaña* (agora apelido), e logo *acerña* (es), *acea* (ga), *azinha* (pt) até alcanzarmos a máis evoluída (e portanto de entrada máis serodia) *sínia* en catalán.

cación: os arabismos galegos son máis antigos, dunha época en que a estabilidade do ditongo era aínda grande. Os dous exemplos toponímicos que aduce Cunha son:

**Galiza***Zaquín**Maimón***Portugal***Cequim, Acequins**Meimão*

En calquera caso, apoiarémonos na outra lingua do noso dominio, como é lóxico, mais non poderemos explicar os arabismos galegos desde os portugueses, aínda que nalgunhas épocas entraron no antigo galego-portugués, porque existe abonda diferenza entre os dun lado e outro do Miño, como tamén acontece entre os do norte e os do sul de Portugal. De feito, dentro do diasistema galego-portugués poderíamos falar de tres zonas: a galega, a portuguesa setentrional e a portuguesa meridional. Máis adiante teremos ocasión de tratar desta cuestión (§28).

Doutra banda, cando un consulta as etimoloxías de moitas palabras galegas nos máis dos dicionarios actuais, bota en falta os étimos árabes de moitas voces. Así, contra o que tradicionalmente se cre, un termo tan enxebre coma *ceibe* (e o seu irmán portugués *ceive*) non deriva nin do latín CELIBE nin do tamén latín SIBARE, mais do árabe *sá'ib*, que significa o mesmo que a voz galega. Outro tanto poderíamos dicir de *axóuxere* (co seu irmán portugués *aljorge*) ou de *lacazán*, para os que case ninguén postulou tal orixe. Por iso, apostilaremos o noso estudio cunha serie de termos que presentan unha orixe segura ou moi probábel árabe que talvez sirva para dar luz ás orixes de moitas palabras tradicionais galegas, así como a un puñado de topónimos.

2. Parécenos importantísimo destacar que fai falla inaugurar unha sección de estudos arabo-románicos galegos. Desde aquí só pretendemos ofrecer algúns apuntamentos que deben ser tidos en conta, mais sen esquecermos que o campo para traballar é inmenso. Como en tantos campos da lingüística histórica, non podemos esquecer que estes estudos precisan dun acompañamento fundamentalmente histórico. Por iso, comezamos falando no noso estudio dos mozárabes, aqueles cristiáns que viviron sob o dominio musulmán e que son a chave para comprendermos por que o galego ten moitos máis arabismos do que parece.

Incorporamos novos conceptos que foron introducidos moi recentemente nos estudos arabo-románicos ibéricos, sobretudo da man dun dos mellores arabistas actuais: Federico Corrientes (1999). Sen chegarmos a compartir todos os seus criterios de naturalización dos arabismos, si é certo que introduciu algunhas nomenclaturas de grande interese e que nos parecen moi axeitadas. Así, o territorio da Hispania musulmana é chamado por el *Alandalús*, con mellor criterio que o tradicional *Al-Andalus*, forma libresca, cando a primeira é a que realmente se empregaba naqueles dominios, e de aí *andalusí*, termo acuñado, porén, por Menéndez Pidal con valor xeográfico, mais que o arabista aplica ao árabe falado en Alandalús desde o século VIII até o XV, con todas as súas variantes dialectais. Igualmente, Corrientes

distingue entre os mozárabes coma grupo social e o seu falar románico de forte compoñente árabe, que el chama *romandalusí*, denominación que nós tamén mantemos aquí.

Por unha cuestión de nomenclatura, co termo *ibero-romance* referirémonos aos falares do Norte da Península, e non ao romandalusí, que é tamén ibero-románico, mais cómpre distinguir entre un grupo de falares e os outros.

### Transcrición do árabe

3. Ao longo deste traballo utilizaremos termos árabes, tanto clásicos coma vulgares ou dialectais, que seguen os criterios que enumeramos a continuación. Tal especificación é imprescindible para este estudio.

#### A. Vocais

As vocais breves non levan ningún tipo de acento en árabe clásico, mais toda vocal tónica do árabe andalusí leva acento: <a>, <i>, <u>

As vocais longas do árabe clásico son idénticas, mais marcadas cun circunflexo (^). Os ditongos decrecentes van sinalados <ay>, <aw>.

#### B. Consoantes

Só incluímos aquelas que precisan dalgunha explicación.

<c>	/t/
<d'>	gutural
<g>	rara. Serve de alófono a /dʒ/
<h>	aspirada como en inglés ou alemán
<h̄>	aspirada gutural
<j>	/dʒ/. En libanés e marroquino como o “j” francés. En exipcio e ár. antigo /g/
<q>	/q/ do árabe clásico, conservada no Norte de África e no Iraque
<ġ>	como /t/ francesa, uvular
<ç>	como o noso /t/ simple, mais en todas as posicións
<š>	gutural
<š̄>	/ʃ/
<ṧ>	gutural
<ž>	gutural
<ḏ>	/ð/
<ḏ̄>	/θ/
<x>	/x/
<ʕ>	o son gutural “3ain”
<ʔ>	“hamza”, parada glotal.

## Condições previas

4. Á hora de achegarse ao coñecemento da masa de arabismos que aparecen no galego moderno, hai unha serie de premisas que é preciso deixar sentadas de antemán.

En primeiro lugar, non podemos comezar a buscar étimos no árabe clásico, por moito que se trate do primitivo, aquel que foi primeiramente codificado e no que se redixiu o Alcorán. Os máis dos nosos termos están tomados do árabe andalusí (mais, atención, si houbo arabismos de transmisión libresca tomados da lingua literaria)<sup>2</sup>. Iso lévanos a nos plantexar se a influencia do árabe andalusí sobre o galego (coma sobre o resto dos romances ibéricos) foi de substrato ou de adstrato, mais sobre esta cuestión habemos voltar máis adiante.

Non podemos esquecer que o andalusí, aínda que foi lingua predominante ao comezo e influíu fortemente no romandalusí (vid. §5), sufriu pouco e pouco a influencia do romance, primeiro o romandalusí<sup>3</sup> e despois o ibero-romance. Deste xeito, non é de estrañar que o sufixo romandalusí {-*ayr*} (<-ARIU) pasáse a formar parte do repertorio de sufixos andalusís.

5. En segundo lugar, hai que definir claramente cal é o papel que tiveron en todo este proceso os mozárabes, desprazados en masas cara ás zonas do norte cristián, decote coma repoboadores, dado que a súa lingua era románica mais estaba fortemente tinxida de arabismos. Agás nos casos de transmisión libresca (e mesmo aquí ocasionalmente tamén), eles son os verdadeiros transmisores de arabismos.

<sup>2</sup> O problema do árabe andalusí e do árabe clásico, tanto na Idade Media coma na actualidade, é semellante ao que se deu durante moitos séculos na Romanía, onde os romances eran cada vez máis diferentes do latín e ao mesmo tempo entre eles. Mentres na Romanía os vulgares ilustres deron triunfado (ao menos algúns deles coma linguas estatais) sobre a lingua nai, na Arabofonía non se dan as condicións para que ningún dos dialectos adquira a categoría de literario fronte á lingua literaria, única que aparece na escrita, usándose os dialectos para a mera comunicación cotiá e oral; desde hai algunhas décadas, o vulgar exipcio conta co prestixio de ser o dialecto usado no cinema e portanto o mellor comprendido polo resto da Arabofonía, usándose coma vehículo para moitas actividades literarias e artísticas, sobretodo de carácter popular, mais aínda está moi lonxe de imporse ao árabe clásico.

Doutra banda, cómpre ter en conta que as diferenzas intradialectais son ás veces tan intensas que un falante iraquí non poderá comprender un alxeriano ou un tunecino se falan cadanseu dialecto, e será aínda peor se estes se encontran cun chadiano. As áreas dialectais árabes, aínda que están fóra do noso ámbito de estudio, convén telas en conta para explicar algúns fenómenos. Tradicionalmente divídese en dúas grandes zonas, a Occidental, que inclúe desde o Magrebe até Libia, e a Oriental, que comeza en Exipto e espállase por Asia até a lende con Irán, aproximadamente. Loxicamente, o andalusí pertenceu ao árabe occidental, polo tanto, con abondas semellanzas cos dialectos marroquinos actuais; mais sábese que tivo, nos seus comezos, unha forte influencia iemení.

<sup>3</sup> Sería longuíssimo e por riba está fóra do noso ámbito, mais non podemos deixar de citar certos termos que aínda están vivos en árabe coloquial (e nalgúns casos clásicos) e que proveñen da época mozárabe; así, os meses do ano: *yanayr*, *febrayr*; ou termos comúns coma *furn* (<forn(u)), *sabbât* (<çapatu), etc. Durante a época final nazarita, o andalusí estaba altísimamente contaminado de romancismos, coma se pode apreciar nos estudos de Alcalá.

Non se entende o papel dos mozárabes sen acudirmos ás explicacións modernas como a de linguas en contacto. O romandalusí é o feixe de dialectos románicos evoluídos libremente no territorio baixo dominio musulmán. Cando se produce a invasión árabe, estas masas de poboación mantéñense fieis á súa lingua, mais coma ela está en inferioridade –desde un punto de vista de prestixio– a respecto do árabe, os termos novidosos tómanse da lingua dos conquistadores (despois voltaremos sobre este aspecto en §7). Tal situación daríase en moitos outros territorios, e por nos referir apenas a dous casos concretos, citaremos os de Turquía e Irán. Obsérvase coma o turco até comezos do século xx se escribía con grafía árabe e o farsi ou neopersa aínda se fai. Nunha lingua túrquica (a primeira) e noutra indoeuropea (a segunda), toda unha masa de léxico e mesmo estruturas árabes foron entrando a formar parte de ambas as linguas, até lles conferir unha identidade moi típica. De feito, o urdu distínguese fundamentalmente do hindi pola grande cantidade de arabismos que posúe<sup>4</sup>.

Unha situación semellante é a que se deu no romandalusí. Botamos en falta que nos estudos existentes se empreste pouca atención a este elemento arábigo e apenas se vexa nel a parte románica (que, sen dúbida, é a principal e maioritaria, mais non a única), o cal daría luz a moitos elementos árabes que influíron mesmo na fonoloxía dos dialectos e que despois se espellan nos romances ibéricos. A influencia árabe non só chegou ao léxico no caso do romandalusí, mais tamén á morfoloxía e á sintaxe. Por pormos un caso, coñecéronse en romandalusí os plurais en {-at} para as palabras femininas, do mesmo xeito que sobre os lexemas árabes ían engadidos sufixos románicos.

### Ubicación xeo-histórica

**6.** Os árabes estiveron na Península Ibérica desde o século VIII até o XVI, como é ben sabido. Dise tradicionalmente que, nas linguas ibero-románicas, o léxico de orixe árabe é a segunda fonte de adquisición de léxico non latino. Tal afirmación, no tocante ao galego, debe ser analizada con vagar, porque, pese a todo, o número de arabismos en galego é sensibelmente inferior ao do portugués e castelán sen dúbida, mais tamén do catalán. Mais o papel histórico dos árabes no chan ibérico é fundamental por outras razóns, visto que eles evitaron a desfragmentación dialectal da Península en infinidade de dialectos, como ocorreu en Francia ou Italia. Afirma Vicente García de Diego ao respecto (1950: 56):

Sin la invasión mahometana, España sería igual que Francia, un tablero de varias decenas de dialectos vulgares, formados según las características de cada región.


<sup>4</sup> O inglés, desde outra óptica e con outras influencias, é unha lingua xermánica cunha aparencia única dentro da familia pola fortísima influencia francesa e latina; nalgúns contextos, o seu léxico latino-románico chega ao 50%. No caso oposto aos idiomas fortemente influídos polo árabe está o maltés, no cal, sobre unha base árabe, pousa unha fortísima influencia románica (principalmente italiana).

A influencia árabe en galego percíbese fundamentalmente –mais non exclusivamente– no léxico e escasamente na morfosintaxe, aínda que alterou substancialmente o ritmo acentual dos romances ibéricos. O árabe, non obstante, non introduciu novos fonemas nos ibero-romances<sup>5</sup>, mais deuse unha adaptación nestes.

7. Tradicionalmente, a influencia do árabe foi considerada coma un adstrato en relación ás linguas ibero-románicas. Non obstante, a situación é bastante máis complexa, dado que dependendo do momento histórico, a situación do árabe verbo dos romances foi desigual.


Cronoloxicamente a situación vai variando segundo a situación política, sendo máis forte a posición dos musulmáns nos primeiros tempos e impóndose posteriormente os reinos cristiáns. Distinguimos, xa que logo, varias fases, aínda que non estean perfectamente delimitadas e cheguen mesmo a se sobrepor.

**1ª Fase:** A relación entre o romandalusí e o andalusí é de **superestrato**. Podemos considerar que tal fase dura desde o século VIII ao XII, aproximadamente:




**2ª Fase:** O avance dos ibero-romances cara ao sul e a incorporación de comunidades de mozárabes aos poboadores chegados había pouco inicia a entrada de arabismos nas linguas do norte, mais que xa foran parcialmente romanceados canto á súa forma. Portanto, o romandalusí constitúese en **substrato**, co léxico árabe xa incorporado. Dura do século IX até o XV:

<sup>5</sup> Aínda que talvez si en romandalusí. Ao menos, tal parece a confusión de transcricións usadas polos escribáns e polas diverxencias que presenta un mesmo vocábulo segundo as linguas de recepción. Sirva coma argumento que se o árabe andalusí adquiriu fonemas novos dos romances, non hai razón para pensar que os dialectos románicos meridionais non fixesen o mesmo. En calquera caso, este é un punto escuro e sobre o que non nos deteremos porque precisaría dunha pescuda aparte.



**3ª Fase:** Coincidindo coa fase anterior, as traducións permiten a entrada de léxico culto de orixe árabe (portanto procedente da lingua clásica), que se sitúa coma un **adstrato** en relación aos ibero-romances. Esta fase dura desde o século XI até o XV:



Así e logo, a situación estrática do árabe a respecto dos romances é tripla: primeiro superestrática, segundo substrática e terceiro adstrática.

Calcúlase que en español e portugués debe haber uns catro mil arabismos entre palabras primitivas e derivadas e arredor duns mil e cincocentos topónimos en España e Portugal de procedencia arábica. O número de arabismos do galego é moi inferior, mais non tanto como se puiden pensar, segundo xa indicamos; e igualmente a toponimia árabe de Galiza é sensibelmente inferior á do resto da Península; asemade, o número de topónimos árabes de Galiza e zonas lingüisticamente galegas é abondo superior ao que xeralmente se supón.

---

## O elemento árabe en galego (I)

---

Xavier Frías Conde  
Universidade Complutense de Madrid

### I. Introducción

#### Limiar

1. Unha das cuestións pendentes que ten a lingüística galega é a atención á influencia do árabe no galego. A tradición dos estudos arabo-románicos aplicados a outras linguas irmás ten unha longa traxectoria, con repertorios bibliográficos inmensos, mais no tocante ao galego son ben poucos os estudos dedicados a esta realidade. É coñecida de todos tal tradición en linguas coma o castelán ou o portugués, e está abondo desenvolvida tamén en catalán.

Tradicionalmente pensouse que a presenza dos árabes no territorio lingüístico galego foi algo inexistente ou ao menos efémera, tanto que non deron deixado pegada ningunha. Certamente os musulmáns conquistadores pasaron pouco tempo en Galiza, mais os arabismos no léxico e na toponimia son moi superiores ao que xeralmente se cre (e este é, en definitiva, o obxecto do noso traballo). Doutra banda, hai quen considera que os estudos aplicados ao portugués son válidos para xustificar os aparentemente escasos arabismos do galego. Até certo punto iso é verdadeiro, mais desde o portugués actual non se pode explicar a maioría dos casos, dado que os arabismos galegos, fronte a moitos dos portugueses, teñen como caracteres de seu:

1. Que son exclusivos do galego
2. Quen son máis antigos
3. Que presentan formas diferentes ás portuguesas

Exemplos de arabismos con formas diferente en galego e portugués son: *acea / azenha*, *azucré / açúcar*, *xabaryl / javali*, *albaroque / alboroque*, etc. O arabista portugués Cunha reparou en que os arabismos galegos adoitaban presentar formas máis arcaicas que os portugueses (1967: 131). En galego adoitábase encontrar /a/ e /ay/ mentres que en portugués o normal era /e/ e /ey/!; a explicación que o autor portugués lle daba era que o galego era o codialecto máis *conservador* (sic). Evidentemente non se pode acreditar en tal cuestión, e hai que acudir a outra expli-

---

<sup>1</sup> Nos arabismos ibero-románicos máis antigos non se percibe a imala, mais si nos posteriores. A imala é un fenómeno propio do árabe occidental polo cal /a/ > /e/ > /i/. En ibero-románico resulta moi esclarecedor ver os resultados diversos de *assānya*, que ten a forma castelá máis antiga *azaña* (agora apelido), e logo *acerña* (es), *acea* (ga), *azenha* (pt) até alcanzarmos a máis evoluída (e portanto de entrada máis serodia) *sinya* en catalán.



cación: os arabismos galegos son máis antigos, dunha época en que a estabilidade do ditongo era aínda grande. Os dous exemplos toponímicos que aduce Cunha son:

**Galiza***Zaquín**Maimón***Portugal***Cequim, Acequins**Meimão*

En calquera caso, apoiarémonos na outra lingua do noso dominio, como é lóxico, mais non poderemos explicar os arabismos galegos desde os portugueses, aínda que nalgunhas épocas entraron no antigo galego-portugués, porque existe abonda diferenza entre os dun lado e outro do Miño, como tamén acontece entre os do norte e os do sul de Portugal. De feito, dentro do diasistema galego-portugués poderíamos falar de tres zonas: a galega, a portuguesa setentrional e a portuguesa meridional. Máis adiante teremos ocasión de tratar desta cuestión (§28).

Doutra banda, cando un consulta as etimoloxías de moitas palabras galegas nos máis dos dicionarios actuais, bota en falta os étimos árabes de moitas voces. Así, contra o que tradicionalmente se cre, un termo tan enxebre coma *ceibe* (e o seu irmán portugués *ceive*) non deriva nin do latín CELIBE nin do tamén latín SIBARE, mais do árabe *sá'ib*, que significa o mesmo que a voz galega. Outro tanto poderíamos dicir de *axóuxere* (co seu irmán portugués *aljorge*) ou de *lacazán*, para os que case ninguén postulou tal orixe. Por iso, apostilaremos o noso estudio cunha serie de termos que presentan unha orixe segura ou moi probábel árabe que talvez sirva para dar luz ás orixes de moitas palabras tradicionais galegas, así como a un puñado de topónimos.

2. Parécenos importantísimo destacar que fai falla inaugurar unha sección de estudos arabo-románicos galegos. Desde aquí só pretendemos ofrecer algúns apuntamentos que deben ser tidos en conta, mais sen esquecermos que o campo para traballar é inmenso. Como en tantos campos da lingüística histórica, non podemos esquecer que estes estudos precisan dun acompañamento fundamentalmente histórico. Por iso, comezamos falando no noso estudio dos mozárabes, aqueles cristiáns que viviron sob o dominio musulmán e que son a chave para comprendermos por que o galego ten moitos máis arabismos do que parece.

Incorporamos novos conceptos que foron introducidos moi recentemente nos estudos arabo-románicos ibéricos, sobretudo da man dun dos mellores arabistas actuais: Federico Corrientes (1999). Sen chegarmos a compartir todos os seus criterios de naturalización dos arabismos, si é certo que introduciu algunhas nomenclaturas de grande interese e que nos parecen moi axeitadas. Así, o territorio da Hispania musulmana é chamado por el *Alandalús*, con mellor criterio que o tradicional *Al-Andalus*, forma libresca, cando a primeira é a que realmente se empregaba naqueles dominios, e de aí *andalusí*, termo acuñado, porén, por Menéndez Pidal con valor xeográfico, mais que o arabista aplica ao árabe falado en Alandalús desde o século VIII até o XV, con todas as súas variantes dialectais. Igualmente, Corrientes

distingue entre os mozárabes coma grupo social e o seu falar románico de forte compoñente árabe, que el chama *romandalusí*, denominación que nós tamén mantemos aquí.

Por unha cuestión de nomenclatura, co termo *ibero-romance* referirémonos aos falares do Norte da Península, e non ao romandalusí, que é tamén ibero-románico, mais cómpre distinguir entre un grupo de falares e os outros.

### Transcrición do árabe

3. Ao longo deste traballo utilizaremos termos árabes, tanto clásicos coma vulgares ou dialectais, que seguen os criterios que enumeramos a continuación. Tal especificación é imprescindible para este estudio.

#### A. Vocais


As vocais breves non levan ningún tipo de acento en árabe clásico, mais toda vocal tónica do árabe andalusí leva acento: <a>, <i>, <u>

As vocais longas do árabe clásico son idénticas, mais marcadas cun circunflexo (^). Os ditongos decrecentes van sinalados <ay>, <aw>.


#### B. Consoantes

Só incluímos aquelas que precisan dalgunha explicación.

<c>	/t/
<d'>	gutural
<g>	rara. Serve de alófono a /dʒ/
<h>	aspirada como en inglés ou alemán
<h̄>	aspirada gutural
<j>	/dʒ/. En libanés e marroquino como o “j” francés. En exipcio e ár. antigo /g/
<q>	/q/ do árabe clásico, conservada no Norte de África e no Iraque
<ġ>	como /t/ francesa, uvular
<ç>	como o noso /t/ simple, mais en todas as posicións
<š>	gutural
<š̄>	/ʃ/
<ṧ>	gutural
<ž>	gutural
<ḏ>	/ð/
<ḏ̄>	/θ/
<x>	/x/
<ʕ>	o son gutural “3ain”
<ʔ>	“hamza”, parada glotal.



**3ª Fase:** Coincidindo coa fase anterior, as traducións permiten a entrada de léxico culto de orixe árabe (portanto procedente da lingua clásica), que se sitúa coma un **adstrato** en relación aos ibero-romances. Esta fase dura desde o século XI até o XV:



Así e logo, a situación estrática do árabe a respecto dos romances é tripla: primeiro superestrática, segundo substrática e terceiro adstrática.

Calcúlase que en español e portugués debe haber uns catro mil arabismos entre palabras primitivas e derivadas e arredor duns mil e cincocentos topónimos en España e Portugal de procedencia arábica. O número de arabismos do galego é moi inferior, mais non tanto como se puider pensar, segundo xa indicamos; e igualmente a toponimia árabe de Galiza é sensibelmente inferior á do resto da Península; asemade, o número de topónimos árabes de Galiza e zonas lingüisticamente galegas é abondo superior ao que xeralmente se supón.

## O árabe andalusí

8. Anteriormente fixemos mención da importancia que ten o árabe andalusí nos estudos arabo-románicos. Portanto, á pregunta de por que é necesario partir do árabe andalusí, respóndese sinxelamente afirmando que os arabismos ibero-románicos se axustan ás características dialectais deste dialecto árabe, xa extinto.

Non se poden explicar desde o árabe clásico topónimos coma *Xurés* (ga) ou *Gerês* (po)<sup>6</sup>, porque nin o romance os deformou tantísimo como para mudar o lugar do acento, nin o árabe clásico antigo os pronunciaba así.

Aínda así, para calquera voz cómpre acudir ao árabe clásico antigo:

{1} JARAS

para posteriormente amosar a forma andalusí:

{2} JARÁS [dʒæ'ræs]

e acabar nas formas romances derivadas:

{3} *Gerês* (po), e a galega *Xurés* con disimilación e reinterpretación de terminación *-es* no canto da esperábel *-ez*.

9. O andalusí foi un feixe de dialectos, tal como o definiu Corrientes (1977: 1-2), quen afirma:

El árabe hispánico es un haz dialectal resultante de la interferencia del sustrato y la interacción de los dialectos traídos a la Península Ibérica en el siglo VIII por unos cuantos miles de árabes. [...] Hemos llamado al árabe hispánico haz dialectal y no dialecto [...] [porque] el núcleo común predominaba y las características locales eran mínimas.

O mellor coñecido de todos eles é o nazarí, o dialecto de Granada tal como se falaba á fin da Reconquista e aínda nos comezos do século XVI, mercé ao labor recopilatorio do clérigo Pedro de Alcalá. A influencia románica deste dialecto (e a que xa fixemos referencia) non só se percebe no léxico, mais tamén na entrada de fonemas descoñecidos do árabe antigo como /p/ e /t/.


A teor das mostras de P. de Alcalá, o árabe andalusí encontrábase nun estado de romanceamento bastante semellante ao que presenta hoxe en día o maltés a respecto dos dialectos itálicos, onde, ademais, as vocais longas e as consoantes velares desapareceron, nun proceso xa comezado e en ocasións culminado en andalusí segundo veremos despois.

<sup>6</sup> Da mesma orixe que *Jerez* en castelán.

## O romandalusí e os mozárabes

10. Se no parágrafo anterior se viu a importancia do árabe andalusí, non o é menos a do romandalusí na transmisión dos arabismos. A grande maioría dos arabismos ibero-románicos penetran através dos mozárabes<sup>7</sup>. A primeira grande adaptación fonética sófrena xa aquí, aínda que posteriormente poden seguir sufrindo variacións canto á súa forma nos romances setentrionais.

O proceso pódese esquematizar do seguinte modo:



Os mozárabes son os principais –mais non os únicos– transmisores de arabismos por posúren unha lingua minoritaria románica nos territorios musulmáns que tiñan o árabe coma lingua oficial. Este, o árabe, era unha lingua de prestixio e a maioría dos mozárabes eran bilingües (as clases baixas, do árabe andalusí e as altas, ademais, do árabe clásico). Portanto, acollen unha morea de termos do árabe, como lingua superestrática que é, e incorporáranos para os seus dialectos románicos. Cando os mozárabes ora emigran para zonas do norte, ora mestúranse cos colonizadores provenientes das zonas setentrionais, abandonan os seus dialectos, mais os arabismos que incorporaran son transmitidos ás linguas dos conquistadores.

<sup>7</sup> Non convén esquecer que houbo un número importante de mouriscos, xeralmente bilingües, que ficaron a vivir nas zonas reconquistadas. Eles tamén son transmisores de arabismos, mais axen dun xeito semellante aos mozárabes. Doutra banda, o grande número de antropónimos árabes que aparecen na documentación medieval son de mozárabes nos máis dos casos. Nomes como *Mafomede*, *Mafamude*, *Brafime* e outros moitos son lingüisticamente árabes, mais os seus portadores adoitan ser cristiáns chegados de terras de mouros.

As primeiras migracións de mozárabes diríxense ao Reino de León, onde irán deixando a súa pegada. Nestes primeiros momentos, todos os romances do centro e do oeste peninsular échense de arabismos e a súa presenza na toponimia é ben destacada. Mais cando o Reino de Castela se converte en hexemónico, volta os seus ollos cara ao norte de Europa, concretamente cara a Francia, substituindo bastantes dos arabismos recibidos por termos de orixe francesa ou occitana. O caso máis coñecido é o do antigo *alfaiate*, que foi substituído por *xastre* (<SARTOR), tanto en galego coma en castelán, mais consérvase o termo aínda en portugués. Esta tendencia estendeuse polo astur-leonés e mais o galego, mais quedou fóra o portugués, ao xa ser Portugal reino independente de Castela; iso explica que en portugués aínda se conserve esa voz e outras moitas (*alfaiate* <ALXAYYÁT).

Non obstante, a presenza de mozárabes en Portugal está documentada desde o século VIII até o XII, desde o Algarve até Entre-Douro-e-Minho, especialmente na rexión de Coímbra. A influencia do mozárabe no portugués é enorme, xa que foi a que o fixo, en boa medida, evolucionar desde o galego-portugués medieval até tornarse nunha nova lingua.

Desde un punto de vista da repoboación, convén ter en conta os datos históricos que existen da presenza de mozárabes (e en menor medida de mouriscos) no cuadrante noroccidental da Península coma repoboadores nos máis dos casos.

Neste sentido, son interesantísimos e moi esclarecedores os datos fornecidos por Pedro Cunha Serra (1967) en distintos apartados do seu estudio sobre a topo-antropomía do noroccidente peninsular. Así, comeza dicindo sobre dos tres tipos de repoboadores da zona noroccidental peninsular (1967: 98):

Nada mais se torna mais necesario acrescentar para desde já podermos discriminar com nitidez três elementos que intervieram no povoamento da região que considerámos: o “moçárabe”, o cristão que, em território de muçulmanos, com eles convivia legal ou contratualmente; o “muladi”, o cristão renegado, o ex-cristão ou muçulmano-novo; e o “mouro”, o muçulmano cuja estirpe procedia do exterior da Península, em sua maioria berbere.

O estudio interesantísimo de Cunha baséase nos topónimos árabes, xeralmente antropónimos na súa orixe, que veñen dos nomes e apelidos portados por mozárabes, seguindo unha opinión moi espallada entre estudiosos anteriores, entre os que se contan Herculano, Menéndez Pidal e Gómez-Moreno. Isto non ten nada de sorprendente, pois se atendemos para os nomes de persoa e os apelidos que se dan, por exemplo, nas Filipinas, comprobamos que todos eles son casteláns, aínda que esta lingua estea morta alí. Explícase pola oficialidade que impón a lingua do superestrato, magar esta non dea triunfado a posteriori.

## O árabe andalusí

8. Anteriormente fixemos mención da importancia que ten o árabe andalusí nos estudos arabo-románicos. Portanto, á pregunta de por que é necesario partir do árabe andalusí, respóndese sinxelamente afirmando que os arabismos ibero-románicos se axustan ás características dialectais deste dialecto árabe, xa extinto.

Non se poden explicar desde o árabe clásico topónimos coma *Xurés* (ga) ou *Gerês* (po)<sup>6</sup>, porque nin o romance os deformou tantísimo como para mudar o lugar do acento, nin o árabe clásico antigo os pronunciaba así.

Aínda así, para calquera voz cómpre acudir ao árabe clásico antigo:

{1} JARAS

para posteriormente amosar a forma andalusí:

{2} JARÁS [dʒæ'ræs]

e acabar nas formas romances derivadas:

{3} *Gerês* (po), e a galega *Xurés* con disimilación e reinterpretación de terminación *-es* no canto da esperábel *-ez*.

9. O andalusí foi un feixe de dialectos, tal como o definiu Corrientes (1977: 1-2), quen afirma:

El árabe hispánico es un haz dialectal resultante de la interferencia del sustrato y la interacción de los dialectos traídos a la Península Ibérica en el siglo VIII por unos cuantos miles de árabes. [...] Hemos llamado al árabe hispánico haz dialectal y no dialecto [...] [porque] el núcleo común predominaba y las características locales eran mínimas.

O mellor coñecido de todos eles é o nazarí, o dialecto de Granada tal como se falaba á fin da Reconquista e aínda nos comezos do século XVI, mercé ao labor recopilatorio do clérigo Pedro de Alcalá. A influencia románica deste dialecto (e a que xa fixemos referencia) non só se percebe no léxico, mais tamén na entrada de fonemas descoñecidos do árabe antigo como /p/ e /t/.


A teor das mostras de P. de Alcalá, o árabe andalusí encontrábase nun estado de romanceamento bastante semellante ao que presenta hoxe en día o maltés a respecto dos dialectos itálicos, onde, ademais, as vocais longas e as consoantes velares desapareceron, nun proceso xa comezado e en ocasións culminado en andalusí segundo veremos despois.

<sup>6</sup> Da mesma orixe que *Jerez* en castelán.

## O romandalusí e os mozárabes

10. Se no parágrafo anterior se viu a importancia do árabe andalusí, non o é menos a do romandalusí na transmisión dos arabismos. A grande maioría dos arabismos ibero-románicos penetran através dos mozárabes<sup>7</sup>. A primeira grande adaptación fonética sófrena xa aquí, aínda que posteriormente poden seguir sufrindo variacións canto á súa forma nos romances setentrionais.

O proceso pódese esquematizar do seguinte modo:



Os mozárabes son os principais –mais non os únicos– transmisores de arabismos por posúren unha lingua minoritaria románica nos territorios musulmáns que tiñan o árabe coma lingua oficial. Este, o árabe, era unha lingua de prestixio e a maioría dos mozárabes eran bilingües (as clases baixas, do árabe andalusí e as altas, ademais, do árabe clásico). Portanto, acollen unha morea de termos do árabe, como lingua superestrática que é, e incorpóranos para os seus dialectos románicos. Cando os mozárabes ora emigran para zonas do norte, ora mestúranse cos colonizadores provenientes das zonas setentrionais, abandonan os seus dialectos, mais os arabismos que incorporaran son transmitidos ás linguas dos conquistadores.

<sup>7</sup> Non convén esquecer que houbo un número importante de mouriscos, xeralmente bilingües, que ficaron a vivir nas zonas reconquistadas. Eles tamén son transmisores de arabismos, mais axen dun xeito semellante aos mozárabes. Doutra banda, o grande número de antropónimos árabes que aparecen na documentación medieval son de mozárabes nos máis dos casos. Nomes como *Mafomede*, *Mafamude*, *Brafime* e outros moitos son lingüisticamente árabes, mais os seus portadores adoitan ser cristiáns chegados de terras de mouros.



As primeiras migracións de mozárabes diríxense ao Reino de León, onde irán deixando a súa pegada. Nestes primeiros momentos, todos os romances do centro e do oeste peninsular échense de arabismos e a súa presenza na toponimia é ben destacada. Mais cando o Reino de Castela se converte en hexemónico, volta os seus ollos cara ao norte de Europa, concretamente cara a Francia, substituíndo bastantes dos arabismos recibidos por termos de orixe francesa ou occitana. O caso máis coñecido é o do antigo *alfaiate*, que foi substituído por *xastre* (<SARTOR), tanto en galego coma en castelán, mais consérvase o termo aínda en portugués. Esta tendencia estendeuse polo astur-leonés e mais o galego, mais quedou fóra o portugués, ao xa ser Portugal reino independente de Castela; iso explica que en portugués aínda se conserve esa voz e outras moitas (*alfaiate* <ALXAYYÁT).

Non obstante, a presenza de mozárabes en Portugal está documentada desde o século VIII até o XII, desde o Algarve até Entre-Douro-e-Minho, especialmente na rexión de Coímbra. A influencia do mozárabe no portugués é enorme, xa que foi a que o fixo, en boa medida, evolucionar desde o galego-portugués medieval até tornarse nunha nova lingua.

Desde un punto de vista da repoboación, convén ter en conta os datos históricos que existen da presenza de mozárabes (e en menor medida de mouriscos) no cuadrante noroccidental da Península coma repoboadores nos máis dos casos.

Neste sentido, son interesantísimos e moi esclarecedores os datos fornecidos por Pedro Cunha Serra (1967) en distintos apartados do seu estudio sobre a topo-antropomía do noroccidente peninsular. Así, comeza dicindo sobre dos tres tipos de repoboadores da zona noroccidental peninsular (1967: 98):

Nada mais se torna mais necesario acrescentar para desde já podermos discriminar con nitidez três elementos que intervieram no povoamento da região que considerámos: o “moçárabe”, o cristão que, em território de muçulmanos, com eles convivia legal ou contratualmente; o “muladi”, o cristão renegado, o ex-cristão ou muçulmano-novo; e o “mouro”, o muçulmano cuja estirpe procedia do exterior da Península, em sua maioria berbere.

O estudio interesantísimo de Cunha baséase nos topónimos árabes, xeralmente antropónimos na súa orixe, que veñen dos nomes e apelidos portados por mozárabes, seguindo unha opinión moi espallada entre estudiosos anteriores, entre os que se contan Herculano, Menéndez Pidal e Gómez-Moreno. Isto non ten nada de sorprendente, pois se atendemos para os nomes de persoa e os apelidos que se dan, por exemplo, nas Filipinas, comprobamos que todos eles son casteláns, aínda que esta lingua estea morta alí. Explícase pola oficialidade que impón a lingua do superestrato, magar esta non dea triunfado a posteriori.

Arriba citouse tamén a presenza de musulmáns en Galiza, o cal non debe sorprendernos. Di Cunha ao respeito (1967: 102):

Galiza: é muito conhecida uma doação de prisioneiros escravizados feita por Ordonho II à Igreja de Santiago em 911; escravos e escravas «mancipios et mancipiellas, quos fuerunt ex gente smahelitarum et agareni» são nomeados em documento de 1029; de 1032 é uma lista idêntica à anterior e também procedente de Celanova; em um documento de 1061 declara-se, entre o mais, que o testador ingenuava o seu Mauro Giraldo; de fins do séc. xi é uma genealogia dos servos sarracenos que possuía o mosteiro de Sobrado; também não pode duvidar-se de que eram mouros ou tinham sido muçulmanos certos servos cujos nomes estão arrolados num documento de Celanova dos séculos xi-xii; finalmente, segundo documento de 1220, um mouro chamado Mafometh foi doado ao mosteiro de Tojos Outos.

Explicacións semellantes son fornecidas sobre León, Asturias e norte de Portugal. Non hai dúbida, xa que logo, da presenza de xentes árabes ou arabizadas en Galiza, que trouxeron un elemento lingüístico árabe, e por riba en datas moi temperás. Isto obsérvase en que son máis numerosos os arabismos en que o *jim* non soa /dʒ/ aínda, mais /g/ segundo foi común nos primeiros tempos<sup>8</sup>.

Para concluír, Cunha tira a seguinte conclusión sobre o repoboamento con xentes vidas do sul (1967: 107-108):

Não é forçar qualquer conclusão o afirmar-se que a presença de tão grande cópia de mouros, individualmente ou em grupos, contribuiu decerto de maneira apreciável para o povoamento da nossa região. Com efeito, foi já notado que a condição dos escravos mouros foi evolucionando de geração em geração; também foi notado que servos mouros se consorciavam não só com indivíduos mouros, como também com cristãos.

Tamén Corrientes insiste na importancia dos mozárabes na transmisión de arabismos (1999: 50).

**11.** Hai un elemento de capital importancia que non convén esquecer e que viría apoiar esta teoría do encontro entre romandalusí e galego na Idade Media. Trátase desa ponte que houbo no terreo literario<sup>9</sup>, que, segundo algúns autores (Menéndez Pidal, Dámaso Alonso), existiu entre as carxas<sup>10</sup> e a lírica medieval galego-portu-

<sup>8</sup> A pronuncia velar no canto da palatal é propia do árabe antigo, tido por iemenismo en Occidente. Esta pronuncia é aínda a típica do baixo-egipcio, o dialecto con maior prestixio no mundo árabe.

<sup>9</sup> Os materiais bibliográficos sobre os que fundamento este parágrafo fóronme xentilmente enviados por Teresa Seara, a quen agradezo a súa inestimábel axuda.

<sup>10</sup> Preferimos esta denominación, eminentemente erudita, en galego (xa existente) á de *kharja* ou mesmo a castelá *jarcha*. A adaptación fónica *carcha* correspóndese perfectamente coa evolución que tería existido en galego se esta palabra fora asimilada desde os primeiros tempos. Para *muaxaha*, esta parécenos a mellor adaptación en galego.

guesa, especialmente as cantigas de amigo. Nun dos últimos estudos sobre esta materia, onde parecen percibirse varias influencias, Corral Díaz (2000: 121) resume a cuestión afirmando:

A técnica cuidada que se reflicte nos textos [refírese ás cantigas galego-portuguesas] parece indica-la existencia, máis que probable, de precedentes, que, desgraciadamente, non se conservaron, por mor –posiblemente– do elevado custo que para a época supoñía o acto de escribir [...]. Así pois, nas Cantigas de amigo conxúganse dúas vertentes: *unha tradicional, que entronca e recolle toda unha tradición anterior* [itálica nosa], e outra culta, que enlaza coa laboriosa técnica das cansós. Ámbalas dúas facetas son necesarias para unha explicación verosímil da orixe das cantigas de amigo portuguesas.

**12.** Alén do anterior, non habería sorprendernos que haxa un número abondo grande de topónimos árabes na xeografía galega e nos territorios colindantes. Teremos ocasión de expolos na última parte deste estudio, mais non podemos esquecer aqueles topónimos que non son orixinariamente árabes, mais románicos, e que foron transmitidos por mozárabes indicando o seu lugar de orixe. Eis algúns deses topónimos tomados de Cunha (1967, s.q): *Cordobelas* (de CORTUBA) en Esteiro, Cedeira, A Coruña; *Cumbraos* (de CONIMBRIGA, que deu en portugués *Coimbra*) e que deixa pegada en Lugo (Monterroso e Taboada), A Coruña (Sobrado e Mesía) e Pontevedra (Escuadro, Chapa); *Toldao* ou *Toldaos* (de TOLETU) todos en Lugo (O Incio, Taboada, Pantón, Triacastela, Rendar e Láncara), aos que cómpre engadir un *Toledo* que Cunha (1967) cita en Ourense, mais sen especificar onde.

Tamén indica a súa procedencia *Moldes*, de MOLLITES, forma latinizada de *muladí*, nome co que se coñecía os cristiáns renegados convertidos para o islamismo; existen *Moldes* en Barxas (Baixo Bierzo), Castropol –dous lugares– (Eonavia), O Carballiño, Valga, A Estrada, Alba, Pontevedra (Pontevedra), Melide, Pobra do Caramiñal, Brión, Negreira (Coruña) e Boborás (Ourense). No norte de Portugal hai abondas mostra máis. O mesmo podemos dicir dos *Vilar de Mouros* espallados por Galiza, como os de Coruña (Capela) e Lugo (Sober). Son semellantes *Vilamouré* (Punxín, Ourense), *Mouriscado* (Mondariz, Pontevedra), *Moura* (un pico en Quintela de Leirado, Ourense e tamén unha vila en Viana do Bolo, Ourense), *Busdemouros* (Vilanova de Ozcos, Eonavia), *Portodemouros* (Viladecruces, Pontevedra).

**13.** Anteriormente xa fixemos mención ao carácter de lingua en contacto do romandalusí (§5). Son moitos os estudos dedicados a el, sendo os máis importantes os de Galmés Fuentes (1983), mais neste caso só se fai o estudio do elemento románico do romandalusí. Por iso, botamos en falta elementos como o tratamento dos sufixos románicos (e que en boa medida tamén pasaron para o andalusí) con perda de vocal final e que en moitos casos dan aos arabismos aparencia de híbridos arabo-románicos. Corrientes (1999: 50) é quen máis lonxe chega no recoñecemento do

elemento árabe do romandalusí –obsérvase a denominación, a que xa fixemos mención. Este autor di que se trata dunha lingua xeneticamente románica mais adstrática e culturalmente moito permeábel á interferencia do árabe a todos os niveis gramaticais, así como en aspectos léxicos e semánticos. E sinala (1999: 50) algo que é de capital importancia: que a morfoloxía do árabe e dos seus dialectos implica, directa ou indirectamente, os arabismos do románico.

Tamén Corrientes (1999: 52) presenta varios deles que posteriormente teremos ocasión de ver en certas voces. En xeral, carecen de vocal final no masculino (norma do árabe) mais presentan unha vocal {-a} para o feminino, aspecto este en que coinciden románico e árabe. Así temos:

- el, -ela (<-ELLU, -A)
- ol, -ola (<-OLU, -A)
- aq, -aqa (<-ACU, -A)
- oq, -oqa (<-OCU, -A)
- ayr, -ayra (<-ARIU, -A)

Incluamos -ayq, -a, irmán do galego -ego, -a, ambos do latín -AECU.

Esta mestura de elementos encóntrase en *tixela ~ tixola* [tigela], que vén dunha raíz \*TAJINELLA ou \*TAJINOLA, que se compón de TAJÍN (=ola) co sufixo -ELLA ou -OLA.

Polo mozárabe pódese explicar por que en español se encontra en certos casos o ditongo /ey/ e en galego-portugués os monotongos /e/ e /o/. A razón xace na transmisión desde o romandalusí e porque había algúns dialectos que xa coñecían a monotongación e outros que aínda conservaban os ditongos románicos primitivos /ay/~ey/ e /aw/~ow/, especialmente os primeiros, porque dos segundos non se ten certeza debido ao complexo sistema alfabético árabe, que non permite facer estas distincións.

A situación dos ditongos, no século XIII, segundo Galmés Fuentes (1983: 141-143, 191-192, 225-226) nos distintos dialectos mozárabes é bastante conservadora. En Valencia, Baleares, Sevilla e Granada, conservábase /ay/ (frecuentemente en Granada xa presentaba a forma [ey], como aínda se aprecia na toponimia), e tamén /aw/, xa fose primario ou secundario, sen que haxa noticias de [ow]. En troques, en Toledo (1983: 79), parece que o normal é /ey/ con bastantes casos documentados de /e/ xa monotongado, maguer se mantén /aw/. Parécenos, así e todo, que /o/ debeu alcanzarse nalgunha zona, probabelmente en territorio portugués (entre o centro e o sul), por dúas razóns:

1. Porque o portugués do sul pronuncia *carpinteiro* como /karpin'teru/, alén de que <ou> na lingua padrón soa sempre /o/, pronunciación que irradia

desde o sul; ambas as pronuncias son, ao noso modo de ver, atribuíbeis ao substrato mozárabe.

2. Porque só desde o romandalusí se explican formas monotongadas como: *alfoz* (<ALḤAWZ) ou *xequé*<sup>11</sup> (<ŠAYX) e *aldea* (antigo por *aldeia*, onde hai unha iode antihiática, típica do portugués; compárese co galego e asturiano *aldea* <ADDĀY3A), *alxofre* [*aljofre*] (<ALJÁWHAR)

Aínda que xeralmente o español e o catalán trataron o ditongo segundo os seus hábitos fonéticos e os monotongaron, encóntranse algúns exemplos de ditongo conservado, tanto no léxico coma na toponimia, tais que:

AZZÁYT > *azeite* (po), *aceite* (ga, es), e derivado *azzaytún* > *aceitona* (ga), *azeitona* (pt), *aceituna* (es).

ALBÁYṬARY > *albéitar*, (es) *albeite* (ga), *alveitar* (po).

ALMUDÁYNA > *Almudaina* (Balears), mais *Almudena* (Madrid), co ditongo tratado segundo os hábitos casteláns.

AṢṢĀ'YFA > *aceifa* (es), *ceifa* (ga, po).

O normal é que en español e catalán haxa monotongación mentres que en galego-portugués se conservan os ditongos decrecentes:

ASSAWṬ > *azoute* (ga), *açoite* (po), *azote* (es).

AZ-ZĀ3UQ > *azougue* (ga), *açougue* (po), *azogue* (es).

ALBUḤÁYRA > *Albufeira* (po), *Albufera* (ct).

Unha segunda razón de por que se conserva o ditongo en certos casos en castelán e catalán explica porque son formas entradas en momentos serodios da lingua, cando a tendencia á monotongación xa non estaba vixente. Neste sentido, hai que ter en conta a observación de Corrientes (1999: 26) en que a conservación dos ditongos en certos casos (non se trata do caso galego, loxicamente) é debida á consciencia de as voces árabes seren cultismos entre os mozárabes.

Outro dos elementos característicos dos arabismos existentes en ibero-romance é o paso de /st/ e /sʔ/ a /ts/ e finalmente a /ts/, que se aprecia en palabras como *mustazarabí* > moçárabe > mozárabe

**14.** Coidamos que é mester atribuír –ao menos parcialmente– ao romandalusí o amalgamamento do artigo árabe *al* na maioría de los arabismos en galego-portugués e castelán, que é moito máis escaso en catalán e inexistente, agás nos casos de empréstitos casteláns, noutros romances como o occitano, francés, italiano, siciliano e sardo.

<sup>11</sup> Non obstante, coñécese unha forma antiga portuguesa *xequé* (Michaëlis 1946: 305).

Este amalgamamento foi obxecto de numerosos estudos tirándose conclusións moi diversas. Aporta Steiger (1948-1949: 1-62) unha explicación de tipo psicosocial que resulta pouco convincente, aínda que fornece un curioso paralelismo entre as linguas ibero-romances e o berébere, que tamén incorpora o artigo árabe aos seus empréstimos, como en *Imenún, lebtix, Imäsmäs*. Esta teoría é recollida por Corrientes (1999: 59), mais quitándolle valor ao argumento psicosocial e acudindo a outro de tipo lingüístico que parece máis convincente, onde o artigo árabe funciona en berébere coma un prefixo indispensable nos substantivos. Vistas así as cousas, parece unha explicación abondo razoábel, mais non podemos esquecer o papel do romandalusí, que tamén o ten. Admitindo a primeira parte, fica unha segunda que, como sinala Noll (1996), é importantísima: os arabismos son un elemento dignificador do romandalusí, e con esa etiqueta, pasan do romandalusí para o galego (e resto de linguas ibero-románicas agás catalán en moitos casos).

No romandalusí, por mor da influencia superestrática árabe, deuse unha evolución das formas do artigo indefinido sufrindo unha curiosa evolución:

ILLU > <i>elo</i>		
ILLOS > <i>elos</i>		
ILLA > <i>ela</i>		> <i>el</i> > <i>al</i>
ILLAS > <i>elas</i>		

Desta maneira, o artigo romandalusí coincide co árabe, que presenta invariabelmente a forma *al* (dun xeito semellante ao inglés que ten invariabelmente *the*). Esta forma única do artigo romandalusí *al* documéntaa copiosamente Galmés Fuentes (1983: 113). Obsérvase ademais a súa presenza constante en infinidade de topónimos mozárabes en toda a Península: *Almonte, Alpuente, Alconchel*, etc. Polo tanto, os mozárabes identificaban o artigo propio co árabe e así o transmitiron, e o mesmo fixeron cos topónimos antes citados ou outros termos de orixe non árabe como *alpendre, alcaíata*, etc. A tendencia a interpretar *al* coma parte integrante de moitos vocábulos alcanzou a bastantes termos (máis casteláns que galego-portugueses e mesmo ocasionalmente cataláns) como *almorzo* (ga), *almoço* (po), *almuerzo* (es), pero catalán *esmorzar*, de \*ADMORDIU. Noutros casos a súa inclusión debe atribuírse a influencia romandalusí –cando non se trata sen máis da propia voz romandalusí: *alpiste* (<PISTUM), *alpechín* (<FAECINUS), *alfiestra* (<FENESTRA); en portugués aparece en *alporão, alpantesma*, etc. e por imitación nalgunhas outras coma *alcipreste* (<CYPRESSU) ou dial. *alcordar* (<ACCORDARE). Este fenómeno está perfectamente documentado en todo o ibero-románico.

En definitiva, o típico amalgamento do artigo *al* en ibero-romance responde a dous factores: 1) o elemento berébere, e 2) a influencia romandalusí.